

Xoves 11, Febreiro 2016 | [Movementos sociais](#) |

# Outro desaloxo en Vigo ante a falta de alternativas

Redacción | [@prazapublica](#)

Eugenia, unha veciña viguesa de 50 anos e máis o seu fillo de 20, **foron desaloxados este pasado mércores da casa que ocupaban desde hai meses**. Era, segundo aclara a muller e a Oficina de Dereitos Sociais-Coia que denuncia o caso, o único xeito de poder durmir baixo teito, nunha vivenda á que a policía nacional chegou para proceder ao desafiuzamento e á entrega das chaves.

"Non é só un caso máis deses desafiuzamentos que segundo o alcalde de Vigo 'non se producen nesta cidade, senón unha mostra fiel e contrastada de que as administracións públicas non son quen de actuar en casos de extrema necesidade, nin de dotar de recursos e mecanismos válidos e eficaces contra a desprotección e a precariedade da cidadanía", denuncia a ODS-Coia.

A muller e o fillo foron desaloxados en virtude dun auto do xulgado de instrución número 6 de Vigo. Con tres fillos máis, **foi vítima de malos tratos e en 2006 logrou unha orde de protección contra o seu marido, que un ano máis tarde foi condenado por malos tratos a prisión** e con orde de afastamento. Segundo ODS-Coia, o seu caso é un exemplo claro da falta de axudas e apoio institucional en casos desta gravidade. Malia ter solicitado durante os últimos anos unha vivenda de protección oficial, nin a Xunta nin o Concello responderon ás súas peticións e xa en maio de 2014 fora desaloxada doutra vivenda ao ter que pagar uns 400 euros entre o aluguer e a comunidade e dispor tan xó de 426 euros mensuais de ingresos por axuda familiar.

Anos antes, segundo denuncia a ODS, fóronlle denegadas axudas para mulleres maltratadas e viviu durante algúns meses nunha casa de acollida para vítimas da violencia de xénero. Tras o desaloxo sufrido en 2014, Eugenia vese na rúa xunto dos dous dos catro fillos que residían con ela e "decide ocupar unha vivenda" que levaba baleira dende o 2011, da que este mércores foi desafiuzada. A dona pretende vender o inmovible e fixo valer os seus dereitos legais.

Hai tan só uns días, a principios de febreiro, Eugenia dirixiuse ao Instuto Galego da Vivenda e SOlo (IGVS) para solicitar unha alternativa habitacional, así como ao Concello de Vigo. **Nin unha nin outra administración lle deron solución definitiva**, polo que foi desaloxada tan só dez días máis tarde destas xestións. Este venres, a muller ofrecerá detalles aos medios sobre a súa situación no salón de actos da parroquia Cristo da Vitoria.

**COA TÚA [ACHEGA](#) FAS POSIBLE QUE SIGAMOS PUBLICANDO NOVAS COMA ESTA.**

## **OUTRAS NOVAS RELACIONADAS:**

Venres 12, Febreiro 2016 | [Movementos sociais](#)

**[Xunta e Concello recoñecen a falta de vivendas públicas en Vigo tras vender 25 dende o 2014](#)**